

## NORMATIVA DE MATRICULA, ELABORACIÓN E DEFENSA DOS TRABALLOS FIN DE GRAO EN FILOSOFÍA NA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

**Aprobada polo Consello de Goberno de 31 de xaneiro de 2017**

O Real Decreto 1393/2007, de 29 de outubro (modificado polo Real Decreto 861/2010), no seu artigo 12, establece que as ensinanzas de grao “concluirán coa elaboración e defensa dun Traballo Fin de Grao”, que “deberá realizarse na fase final do plan de estudos e estar orientado á avaliación de competencias asociadas ao título”.

O Real Decreto 1791/2010, do 30 de decembro, polo que se aproba o Estatuto do estudante universitario, dispón no seu artigo 27 que “os proxectos de fin de carreira, traballos de fin de grao e mestrado, así como as teses de doutoramento, rexeranse pola súa normativa específica”. Así mesmo, nas liñas g) e h) do artigo 8 se recollen os dereitos específicos dos estudantes de grao en relación co Traballo Fin de Grao e no artigo 30 o dereito á revisión das cualificacións.

No Regulamento de Matrícula, Elaboración e Defensa dos Traballos Fin de Grao e Fin de Máster na Universidade de Santiago de Compostela, aprobado polo Consello de Goberno do 10 de marzo de 2016 que regula un marco xenérico para o desenvolvemento dos Traballos Fin de Grao e Fin de Master da USC, establécese que “*Os centros, a través dos órganos correspondentes (en xeral, as comisións que teñan delegados os aspectos da titulación referidos a TFG ou TFM: comisión de docencia, comisións de titulación, comisións académicas, comisión de calidade, etc.), elaborarán as normativas propias de TFG e TFM das titulacións das que son responsables, axustándoos ás características propias de cada un dos títulos.*”.

Na memoria verificada do Plan de Estudos do Grao en Filosofía da Universidade de Santiago de Compostela (USC) establécese que o Traballo Fin de Grao (TFG) terá 7,5 créditos.

En desenvolvemento das disposicións citadas, a Xunta da Facultade de Filosofía, aproba o seguinte Regulamento dos Traballos Fin de Grao da titulación de Grao en Filosofía pola Universidade de Santiago de Compostela:

### **Artigo 1.- Obxecto e ámbito de aplicación.**

1.1 Este regulamento ten por obxecto rexer o proceso dos Traballo Fin de Grao e contén as normas relativas á definición, elaboración, presentación, avaliación e tramitación administrativa dos TFG na titulación de Grao en Filosofía.

### **Artigo 2.- Natureza do Traballo Fin de Grao.**

2.1. O Traballo Fin de Grao consistirá na elaboración, por parte do alumnado, dun traballo orixinal cunha carga lectiva de 7,5 ECTS no que se acrediten os coñecementos, competencias e destrezas adquiridas durante os estudos realizados na titulación de Grao en Filosofía. Incluirá, como mínimo, tarefas de busca e revisión bibliográfica, lectura e integración de información, elaboración de información relevante, redacción e presentación e defensa pública ante un tribunal.

2.2. O TFG será realizado por cada estudante de forma individual baixo a supervisión dun/ha titor/a académico/a, e deberá integrar e desenvolver os contidos formativos recibidos, capacidades, competencias e habilidades adquiridas durante os estudos de Grao. O persoal docente da USC que sexa nomeado titor/a de TFG do Grao en Filosofía ten a obriga de asumir esta actividade de titorización conforme ao establecido neste regulamento. Haberá tamén a posibilidade de que os traballos teñan cotitores/as.

2.3 A natureza dos TFG pode ser diversa e deberán estar orientados á aplicación das competencias asociadas á titulación recollidas na memoria verificada do Plan de Estudos do Grao Filosofía.

2.4 Os TFG poderán desenvolverse parcialmente no marco de convenios con empresas ou institucións.

### **Artigo 3.- Órganos dos Centros encargados da xestión dos TFG.**

3.1. Na Facultade de Filosofía as funcións da comisión encargada de atender ás cuestións propias do desenvolvemento da materia “Traballo Fin de Grao” son asumidas pola Comisión de Calidade.

3.2.- En relación aos TFG, serán competencias da CC as seguintes:

- Propoñer anualmente a guía docente na que se determinen as diferentes formas de desenvolvemento, exposición e criterios de avaliación establecendo, se non está recollido na normativa propia, a porcentaxe da cualificación asignada ao desenvolvemento do TFG, exposición do traballo, resposta a preguntas e outras características de avaliación fundamentais da titulación.
- Establecer o sistema de avaliación das actividades formativas dos TFG, no caso de que estas figuren na memoria verificada do título.
- En función da modalidade de presentación, establecer o tempo máximo do que a/o estudante disporá para a súa defensa, se non está fixado na normativa propia.
- Establecer a convocatoria anual de traballos nas 3 oportunidades.
- Determinar os sistemas de titoría, cando proceda.
- Aprobar a proposta das liñas temáticas, previa consulta aos departamentos con docencia no título.
- Establecer e publicar un procedemento para a asignación dos titores/as e os temas que poderán desenvolverse na elaboración dos traballos.
- Decidir sobre a modificación de temas e/ou titor/a asignado derivada de situacións excepcionais, previa consulta ao/s departamento/s afectado/s.
- Fixar as características dos traballos (extensión, formato, contido mínimo,...) sempre que non estean fixadas polas normativas de TFG de cada centro para a dita titulación.
- Aprobar os tribunais de avaliación e fixar o sistema de rotación.
- Autorizar a presentación dos traballos en casos excepcionais.
- Propor os prazos de entrega dos traballos e informes de seguimento e as datas de defensa dos traballos de acordo co calendario académico.
- Solucionar as incidencias graves relativas a esta materia.
- Calquera outra que a Xunta de Centro lle encomende.

A Xunta de Facultade aprobará e publicará os períodos de presentación dos TFG, xunto coa convocatoria oficial de exames de cada curso académico.

3.3.- O/A decano/a ou persoa en quen delegue actuará como coordinador/a dos Traballos Fin de Grao na titulación de Grao en Filosofía.

#### **Artigo 4.- Matrícula e convocatorias.**

4.1. A matrícula do TFG realizarase dentro do prazo xeral de matrícula que estableza a Universidade.

Para poder formalizar a matrícula do TFG o alumnado poderá ter pendentes como máximo 75 créditos para completar os estudos excluídos os correspondentes ao TFG e, en calquera caso, deberá reunir os requisitos que estableza a USC.

4.2. O alumnado de intercambio poderá matricularse desta materia. O seu réxime será o establecido no Regulamento de Intercambios da USC.

4.3. O TFG só poderá ser defendido e avaliado unha vez que se teña constancia de que o/a estudante superou todos os créditos necesarios para a obtención do título de Grao, salvo os correspondentes ao propio traballo.

A Facultade de Filosofía verificará que se cumpren estes requisitos para autorizar a súa presentación. Para estes efectos, no caso de que na data de presentación e defensa aínda non se recepcionaran todas as actas de exame das materias, o/a secretario/a da Facultade solicitará do profesorado encargado das materias que informe sobre as cualificacións do alumnado que vaia presentar os traballos na mesma convocatoria.

4.4. A matrícula dará dereito á presentación do TFG en dúas oportunidades en calquera das convocatorias oficiais do curso no que estea matriculado, sempre que se cumpran os requisitos para a súa avaliación.

4.5. O número máximo de convocatorias que poderá consumir o alumnado será de catro, e poderá contar con dúas oportunidades por curso académico. No caso de obter non presentado en todas as oportunidades, considérase consumida a convocatoria.

4.6. Sen menoscabo doutras formas de renuncia contempladas na Normativa da USC, no suposto de que o/a estudante non reúna os requisitos para presentar o traballo por ter materias pendentes dará dereito, se así o solicita, á renuncia da convocatoria.

#### **Artigo 5.- Do/a titor/a docente.**

5.1. Os TFG deberán ter un/unha titor/a que oriente e asista aos/ás estudantes na realización do traballo. Por razóns xustificadas e se a CC o estima oportuno, poderá designarse ademais un/unha co/coa titor/a, ou excepcionalmente dous/ cotitores/as.

5.2. O titor ou titora será Persoal Docente e Investigador (PDI) das áreas de coñecemento que teñan adscrito o TFG e con docencia no grao.

5.3. O/A titor/a programará sesións de traballo cos estudantes, nas que establecerá a programación das tarefas a realizar e orientará o traballo. Será responsable de expor a cada estudante as características do traballo, de orientalo/a no seu desenvolvemento e de velar polo cumprimento dos obxectivos fixados, así como de realizar o seguimento e emitir informe preceptivo e confidencial sobre este seguimento antes da defensa do TFG e para os efectos de que se teña en conta polo tribunal avaliador.

5.4. Ante a imposibilidade de continuar coa titorización (por motivos de baixas temporais, por enfermidade, licenza por maternidade/paternidade...), a CC, a proposta do departamento ao que pertence o/a titor/a, asignará un substituto/a que actuará durante o período de ausencia. En caso de que a baixa sexa de longa duración ou definitiva, a CC arbitrará os mecanismos oportunos para resolver a incidencia atendendo ao grado de desenvolvemento do TFG.

5.5. Poderá ser cotitor/a outro persoal PDI da USC.

5.6. Excepcionalmente tamén poderán ser cotitores/as, independentemente da área a que pertencan, profesores/as da USC que se atopen na situación de servizos especiais, comisión de servizos, eméritos ou *ad honorem* e profesores/as doutras universidades ou persoal con vinculación permanente a Organismos Públicos de Investigación (OPI) e profesionais especializados. Non poderán ser cotitores persoal de administración e servizos, agás nos supostos de consideración como profesionais, nin o persoal contratado con cargo ao capítulo VI, agás os que posúan titulación de máster ou equivalente.

Con carácter previo a realizar a cotitoría deberá comunicarse dita circunstancia á Vicerreitoría con competencias na materia a través do Servizo correspondente indicando a dedicación dos titores e cotitores.

5.7. No caso dos TFG desenvolvidos parcialmente no marco de convenios con empresas ou institucións a matrícula realizarase na USC pero poderá designarse un cotitor que poderá ser persoal do centro ou Institución no que se desenvolva o traballo. En todo caso, a defensa e avaliación dos traballos deberá realizarse na USC.

## **Artigo 6. Procedemento para a oferta de propostas.**

6.1. A Facultade e os Departamentos implicados arbitrarán as medidas oportunas, dentro dos seus respectivos ámbitos de competencias, co fin de garantir que cada estudante en condicións de realizar o TFG poda facelo. En particular velarán pola dispoñibilidade dos/as titores/as dos TFG para cada curso, e a súa asignación aos estudantes matriculados.

6.2. Na elaboración do plan docente anual (PDA) da titulación, a CC fará unha estimación do número de propostas de TFG necesarias para cada curso académico, incrementadas cando menos nun 25% para favorecer as opcións de escolla do alumnado; e establecerá o número mínimo de propostas de TFG que corresponde presentar a cada unha das áreas de coñecemento adscritas ao TFG procurando o equilibrio entre elas .

6.3.- Os Departamentos enviarán as propostas de TFG á CC xunto coa programación docente do resto das materias. A CC estudará as propostas presentadas e aprobará a oferta dos TFG, podendo, de estimalo conveniente, axustala. Publicará a lista de propostas resultante na data que o



calendario de Planificación Académica Anual establece para a publicación da programación docente das materias.

6.4.- Se o número efectivo de estudantes matriculados requirise modificacións na oferta inicial, será competencia da CC tramitar ditas modificacións.

6.5.- Cada proposta irá acompañada da seguinte información:

- a) Temática do traballo
- b) Titor ou titora e, no seu caso, cotitores/as do TFG (aínda que o/a cotitor/a poderá ser tamén solicitado conxuntamente á CC polo/a titor/a e alumno/a dentro dos tres días lectivos seguintes á asignación).
- c) Breve descrición do contido.
- d) Recomendacións. En ningún caso as recomendacións serán vinculantes.

A proposta será o suficientemente ampla como para permitir a flexibilidade de cara a súa elaboración e o suficientemente concreta como para que o departamento e a CC valore a súa idoneidade en relación ao nivel de competencias esixido e aos obxectivos a acadar, e ademais facilite a comprensión do alumnado da tarefa a realizar.

6.6.- No caso do TFG a desenvolver no marco de convenios con empresas ou institucións ou de intercambio de estudantes, a CC poderá axeitar a información requirida ás circunstancias concretas.

#### **Artigo 7. Procedemento para a asignación de TFG.**

7.1.- Os estudantes matriculados no TFG elevarán á CC unha solicitude para entrar no proceso de asignación de traballo nos prazos fixados. Haberá un prazo por cada período de matrícula ordinaria.

7.2.- En cada un destes períodos, a asignación farase por orde da nota media simple dos expedientes académicos. No caso de empate aplicarase o disposto na Normativa da USC sobre valoración de expedientes académicos.

7.3 O estudante deberá entregar un formulario no que figure o listado dos traballos dispoñibles, enumerados por orde de preferencia.

O proceso de asignación realizarase mediante chamamento público nunha ou varias quendas, de xeito que en cada unha delas o alumnado exprese as súas preferencias de entre as propostas que aínda queden dispoñibles da rolda anterior.

7.4. Unha vez asignadas as propostas de TFG, cada estudante deberá contactar co/a titor/a do TFG a fin de delimitar o traballo a realizar. Estudante, titor/a e, de se lo caso, cotitor/a, asinarán un documento de inicio do traballo, que remitirán á CC no prazo dun mes desde a aprobación da asignación, coa seguinte información:

- a) Referencia do Traballo (Título e temática)
- b) Breve planificación.
- c) Propiedade intelectual do traballo, cando esta non vaia ser da/o propia/o estudante.
- d) Sinatura do titor/a e, de se lo caso, cotitor/a, e do alumno/a, e data.

7.5. O estudante que non teña solicitado a defensa do seu TFG ou non o teña superado en ningún

dos prazos previstos do curso académico, poderá solicitar mediante escrito razoado á CC e co visto e prace do titor ou titora do TFG, prórrogas anuais para a continuación da validez do proxecto. Esta solicitude presentarase no prazo fixado para este fin e que sempre será anterior á asignación dos TFG do curso académico correspondente.

Transcorrido o prazo sen a realización da solicitude de prórroga, o estudante decaerá nos seus dereitos respecto do proxecto de TFG asignado, declarándose este caducado. Neste caso, o estudante deberá iniciar de novo o procedemento previsto nesta normativa.

#### **Artigo 8.- Tribunal de avaliación.**

8.1. A defensa de cada TFG realizarase en sesión pública diante dun tribunal. Este estará formado por tres docentes da USC que impartan docencia no Grao. Para conformar o tribunal serán nomeados tres membros titulares e un suplente.

8.2. O/a titor/a e cotitor/a do TFG non poderán actuar no tribunal que o avalíe.

8.3. Os tribunais de avaliación configuraranse da forma que estableza a CC, atendendo ao número de estudantes matriculadas/os, á temática e ás modalidades dos diferentes TFG. A CC distribuirá ao alumnado entre os tribunais de avaliación de acordo coa temática dos TFG, procurando o equilibrio entre o número de traballos asignados a cada tribunal.

8.4. A participación nos tribunais é obrigatoria para as persoas nomeadas, agás causa de forza maior debidamente acreditada.

8.5. O tribunal poderá invitar ás deliberacións ao/á titor/a do traballo e aos/ás cotitores/as, así como a profesorado especializado na materia que se estea a avaliar, en calidade de asesores, con voz pero sen voto.

8.6. En caso de existir máis dun tribunal, programaranse polo menos unha reunión de coordinación previa á actuación dos tribunais.

8.7. A cualificación farase pública nos taboleiros de anuncios do decanato ou no taboleiro que fixe a Facultade, nun prazo non superior a sete días lectivos dende a súa defensa.

#### **Artigo 9.- Requisitos para a Presentación do TFG e documentación a entregar.**

9.1. O alumnado, tras consultalo co seu titor/a, deberá presentar a solicitude de defensa do TFG a través da aplicación electrónica habilitada para o efecto pola USC, no prazo fixado a tal fin pola CC en cada convocatoria.

9.2. Para presentar a solicitude de defensa do TFG é requisito imprescindible ter superados todos os outros créditos necesarios para o título de Grao, isto é, polo menos 232,5 ECTS, e estar matriculado do TFG.

9.3. Ao tempo da presentación electrónica da solicitude, o alumnado subirá, tamén a aplicación electrónica habilitada para o efecto pola USC, unha copia en pdf do traballo e depositará na secretaria da Facultade de Filosofía tres copias en papel do TFG. A CC velará para que esta

documentación estea á disposición do tribunal con antelación suficiente.

9.4. Recibida a solicitude, comunicarase tal feito ao titor/a do TFG, de quen se requirirá un informe previo e preceptivo de titorización, asinado polo/a titor/a e, de se lo caso, polas/os cotitoras/es, que estará á disposición do tribunal no prazo fixado pola CC.

9.5. O TFG presentado, cunha extensión entre 8000 e 12000 palabras, amosará o traballo desenvolvido polo estudante. A título informativo, a Facultade establecerá un formato común recomendado. En calquera caso, deberá adoptar, de forma aproximada, a seguinte estrutura:

- Portada na que figuren: o logo da USC coa indicación da Facultade, denominación do Grao, título do traballo (de estar redactado en inglés, irá tamén nalgunha das linguas oficiais de Galicia), nome completo de autor/a, nome completo do/das titor/a e cotitores/as, e curso académico correspondente.
- Portada interior co título na lingua usada e inglés.
- Compromiso de cumprimento da Lei de Propiedade Intelectual e Lei de Protección de Datos.
- Índice paxinado dos capítulos e apartados.
- Resumo (unhas 200 palabras) na lingua usada e en inglés (de estar redactado en inglés, nalgunha das linguas oficiais de Galicia) (de estar redactado en inglés, nalgunha das linguas oficiais de Galicia).
- Palabras chave na lingua usada e inglés (de estar redactado en inglés, nalgunha das linguas oficiais de Galicia).
- Introducción.
- Obxectivos do traballo
- Desenvolvemento dos contidos.
- Conclusións (incluíndo os logros acadados e posibles traballos futuros).
- Bibliografía consultada e referencias documentais.
- Anexos se procede (que non computarán para a extensión máxima prevista)

#### **Artigo 10.- Presentación e Defensa dos Traballos Fin de Grao.**

10.1. Entre o depósito e a presentación do traballo deben mediar, polo menos, sete días naturais.

10.2. O acto de presentación será realizado polo alumno/a en sesión pública na data asignada.

10.3. A exposición do TFG terá unha duración recomendada de 20 minutos e máximo de 25 e terá carácter de acto público. Ao remate da presentación, o tribunal poderá formular as preguntas e cuestións considere convenientes.

10.4. A presentación dos TFG será realizada pola/o estudante de xeito presencial. Non obstante o anterior, para casos excepcionais debidamente autorizados pola CC, poderá realizarse a defensa polos medios telemáticos, coas garantías que se determinen na autorización.

10.5. A defensa do TFG deberase efectuar en calquera dos idiomas oficiais da Comunidade Autónoma, ou noutra lingua se así se acordase co tribunal do TFG.

### **Artigo 11.- Avaliación, cualificación e revisión.**

11.1. A cualificación dos traballos realizarase conforme aos criterios establecidos na guía docente, que estarán vinculados á consecución das competencias específicas da titulación e as transversais.

11.2. O tribunal deliberará sobre a cualificación que lle corresponde conforme aos criterios de avaliación publicados na guía docente e axustado ao disposto na memoria de verificación do título, outorgando a cualificación conforme á seguinte escala numérica, de 0 a 10, con expresión dun decimal, á que se engadirá a súa correspondente cualificación cualitativa: Suspenso (SS) de 0 a 4.9; Aprobado (AP) de 5.0 a 6.9; Notable (NT) de 7.0 a 8.9 e Sobresaliente (SB) de 9.0 a 10.

11.3 A mención de Matrícula de Honra (MH) poderá outorgarse a aqueles TFGs que obteñan unha cualificación igual ou superior a 9,0 puntos. O seu número non poderá exceder o límite establecido pola USC. Se o número de alumnos/as é inferior a 20, poderase conceder unha MH. Esta mención só poderá outorgarse unha vez rematadas as defensas de todos os traballos correspondentes ao curso académico.

No caso de existir dous ou máis tribunais avaliadores, cada tribunal enviará á CC, de ser o caso, unha proposta de candidatos/as para a MH. Entre as propostas dos tribunais a CC concederá a mención de MH tomando en conta a cualificación do TFG e a nota media do expediente académico do alumnado.

11.4. O alumnado ten dereito á revisión das cualificacións nas datas e horarios que para tal efecto deberán fixarse no momento de facer públicos os resultados provisionais. As datas de revisión deberán estar comprendidas dentro dos dez días seguintes á publicación dos resultados e contemplarán como mínimo dúas datas opcionais. A estes efectos o mes de agosto será inhábil e non computará neste prazo.

A revisión será persoal e poderá realizala un ou varios membros do tribunal. En todo caso deberá quedar constancia da celebración da revisión e da data en que se realizou mediante calquera sistema que o acredite.

O procedemento de reclamación contra a cualificación será o establecido na normativa vixente relativa a avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións.

### **Artigo 12.- Xestión das actas.**

12.1.- Elaborarase unha acta individual por cada alumno/a e traballo e para cada oportunidade na que constará o titor/a académico e cotitores/as, o tribunal cualificador e o título do TFG defendido, así como a súa cualificación e a data de defensa.

As actas estarán asinadas polos membros do tribunal.

En caso de imposibilidade de asinar a acta dos TFG por algún dos membros que realizaron a avaliación, esta circunstancia porase en coñecemento da Secretaría Xeral e asinará a acta o/a coordinador/a dos TFG en calidade de coordinador/a da materia. No caso de imposibilidade deste, substituiranse polo profesor ou profesora que designe a Secretaría Xeral. En todos os casos farase constar a dita incidencia.



12.2. O alumnado matriculado que non se presentase en ningunha das oportunidades, figurarán na última convocatoria do curso nunha acta conxunta coa mención “non presentado” que deberá ser asinada polo/a coordinador/a dos TFG. Nesta acta conxunta tamén se incorporarán as mencións de “matrícula de honra” conforme ao establecido no artigo anterior.

12.3. O alumnado que teña entregado o traballo e non o defenda recibirá a nota de “Suspenso” na avaliación do traballo.

### **Artigo 13.- Dereitos e obrigas do alumnado.**

13.1. A titularidade dos dereitos de propiedade intelectual corresponde ao autor ou autora do traballo de fin de Grao. Pode ser compartida co titor ou titora académica ou entidades públicas ou privadas colaboradoras de conformidade coa normativa vixente sobre a materia.

Unha copia electrónica dos traballos superados quedará na aplicación informática habilitada para o efecto pola USC para o seu arquivo e consulta, e poderán ser utilizados na USC para usos académicos e de investigación, sempre coa mención específica aos/ás seus autores/as. Para estes efectos o alumnado asinará a correspondente autorización de difusión e a declaración de que se trata dun traballo orixinal.

13.2. Son obrigas específicas do estudantado en relación co TFG:

- a) Informar ao/á titor/a da evolución do TFG.
- b) Asistir ás titorías programadas polo titor ou titora.
- c) Consultar co titor ou titora se procede a defensa do TFG.
- d) Elaborar e presentar un TFG orixinal e inédito polo que o/a alumno/a responde da autoría e orixinalidade da obra.

### **Artigo 14.- Responsabilidade do titor/a.**

14.1 Son obrigas do titor/a en relación co TFG:

- a) Reunirse co alumnado nas ocasións acordadas.
- b) Aconsellar ao alumnado sobre as cuestións relativas á realización do TFG.
- c) Advertir ao/á estudante cando o progreso do TFG estea por debaixo do estándar esperado e aconsellarlle sobre o modo de resolver o problema.
- d) Emitir o informe preceptivo.

### **Disposicións Finais.**

#### **Primeira.**

A CC é a encargada de velar polo cumprimento da normativa recollida neste regulamento, aprobar cantas disposicións fosen necesarias para o desenvolvemento do mesmo e resolver as dúbidas que xurdan na su interpretación.

#### **Segunda.**

Este Regulamento entrará en vigor, trala súa aprobación polo Consello de Goberno, ao día seguinte

da súa publicación no taboleiro electrónico da USC.

**Disposición Derogatoria.**

Queda derogado o anterior Regulamento de TFG do Grao en Filosofía aprobado polo Consello de Goberno da USC o 21 de maio de 2014.